



Érase unha vez unha agulla de zurcir tan fina e picuda, que cría que era agulla de coser.

"Fíxense no que fan e cóllanme con coidado," dicíalle aos dedos que a manexaban. "Non me deixen caer, que se vou ao chan, hanas pasar negras para atoparme. Son tan fina!"

"Veña, ho, que non hai para tanto!" dixeron os dedos suxeitándoa polo corpo.

"Miren, aquí chego eu co meu séquito." proseguiu a agulla, arrastrando tras ela unha longa febra, pero sen nó. Os dedos apuntaron coa agulla á zapatilla da cociñeira; o coiro da parte superior rebentara e dispoñíase a coselo.

"Que traballo máis ordinario!" exclamou a agulla. "Non é para min. Ai, que me parto, que me parto!" E partiu.

"Non volo dixen?" suspirou a vítima. "Son demasiado fina!"

"Xa non serve para nada" pensaron os dedos, pero seguiron tendo conta dela mentres a cociñeira lle aplicaba unha pinga de lacre e despois era cravada na peiteira da blusa.

"Toma! Agora son un prendedor!" dixo a vaidosa. "Ben sabía eu que co tempo faría carreira. Cando unha vale, un día ou outro acaban por recoñecelo." E riu para os seus adentros, pois por fóra é moi difícil ver cando ri unha agulla de zurcir. E quedouse alí tan

fachendosa como se fose en coche, e paseaba a mirada ó seu redor.

"Podo tomarme a liberdade de preguntarlle, co debido respecto, se seica é vostede de ouro?" inquiriu o alfinete, veciño seu. "Ten vostede un porte maxestoso, e cabeza propia, aínda que pequena. Debe procurar crecer, pois non sempre se poden poñer pingas de lacre no cabo." Ao oír isto, a agulla ergueuse con tanto orgullo, que se soltou da tea e caeu no vertedoiro, no que a cociñeira estaba lavando.

"Agora marchó de viaxe" dixo a agulla. "Con tal que non me perda!"

Pero é o caso que se perdeu.

“Este mundo non está feito para min” -pensou, xa no arroio da rúa. "Son demasiado fina. Pero teño conciencia do meu valer, e isto sempre é unha pequena satisfacción." E mantivo a súa actitude, sen perder o bo humor.

Por encima dela pasaban flotando toda clase de obxectos: labras, pallas e anacos de xornal. "Como navegan!" dicía a agulla. "Pouco se imaxinan o que hai no fondo! Eu estou no fondo e aquí sigo cravada. Toma!, agora pasa unha labra que non pensa en nada do mundo como non sexa nunha labra, ou sexa, nela mesma; e agora vén unha palla: que xeito de derrubarse e de virar! Non penses tanto en ti, que darás contra unha pedra! E agora un anaco de xornal! Ninguén se acorda do que pon, e, en tanto,

como se baleira! Eu, en cambio, estou aquí paciente e queda; sei o que son e seguirei séndoo."

Un día foi parar ao seu lado un obxecto que brillaba tanto que a agulla pensou que tal vez podería ser un diamante; pero en realidade era un casco de botella. E como brillaba, a agulla dirixiuse a el, presentándose como alfinete de peito:

"Vostede debe ser un diamante, verdade?"

"Bo... si, algo polo estilo."

E os dous quedaron convencidos de que eran xoias excepcionais, e enleáronse nunha conversación sobre o presuntuosa que é a xente:

"Sabes? eu vivín no estoxo dunha señorita" dixo a agulla de zurcir; "era cociñeira, tiña cinco dedos en cada man, pero nunca vin nada tan vaidoso como aqueles cinco dedos; e, con todo, toda a súa misión consistía en sosterme, sacarme do estoxo e volverme a meter nel."

"Brillaban, seica?" preguntou o casco de botella

"Brillar?· exclamou a agulla. Non; pero a orgullosos ninguén lles gañaba. Eran cinco irmáns, todos dedos de nacemento. Ían sempre xuntos, tesos coma fusos un á beira do outro, malia que ningún era da mesma lonxitude. O de máis fóra chamábase «Polgar», era curto e gordo, estaba separado da man, e como só tiña unha articulación no dorso, só podía facer unha inclinación; pero afirmaba que, se a un home llo

cortaban, quedaba inútil para o servizo militar. Logo viña o «Lameolas», que se metía no doce e no amargo, sinalaba o sol e a lúa e era o que apertaba a pluma cando escribían. O «Largueirucho» miraba os demais desde o alto; o «Bordo dourado» paseábase cun aro de ouro ó redor do corpo, e o miúdo «Maimiño» non facía nada, do cal estaba moi oufano. Todo era gabarse e gloriarse. Por iso fun eu a dar no vertedoiro

"Agora estamos aquí, brillando," dixo o casco de botella. No mesmo momento chegou máis auga ao arroio, desbordouse e levouno

"Imos! A este despachárono!" dixo a agulla. "Eu quedo, son demasiado fina, pero este é o meu orgullo, e vale a pena."

E permaneceu altiva, sumida nos seus pensamentos

"De tan fina que son, case crería que nacín dun raio de sol. Teño a impresión de que o sol búscame sempre baixo a auga. Son tan sutil, que nin o meu pai me atopa. Se non se me partira o ollo, creo que choraría; pero non, non é distinguido chorar."

Un día presentáronse varios pillabáns e puxéronse a rebuscar no arroio, en pos de cravos vellos, cadelas e outras cousas polo estilo. Era unha ocupación moi sucia, pero eles divertíanse de xeito abondo.

"Ai!" exclamou un -pinchárase coa agulla de zurcir-. "Esta porca!"

"Eu non son ningunha porca, senón unha señorita!" protestou a agulla, pero ninguén a oíu. O lacre desprendeuse, e o metal estaba ennegrecido; pero o negro fai máis esvelto, polo que a agulla creuse aínda máis fina que antes.

"Aí vén flotando unha casca de ovo!" -gritaron os raparigos, e cravaron nela a agulla.

"Negra sobre fondo branco" observou esta. "Que ben me senta! Son ben visible. Con tal que non me maree, nin vomite!

Pero non se mareou nin vomitou.

"É unha gran cousa contra o mareo ter estómago de aceiro. Nisto si que estou por

encima do vulgo. Síntome coma se nada. Canto máis fina é unha, máis resiste."

"Crac!" exclamou a casca ao sentirse esmagada pola roda dun carro.

"Uf, como pesa!" engadiu a agulla. "Agora si que me mareo. Parto, parto!"

Pero non partiu, pese a ser atropelada por un carro. Quedou no chan, e, o que é por min, pode seguir alí moitos anos.



Proxecto Gutenberg

somos:

Gerardo Domarco Dopazo
Irma Fernández Alonso
Isidora Gil González
Belén Sánchez Sánchez
Carmen Valugo Rúa

IES CELANOVA
CELSO EMILIO FERREIRO

BIBLIOTECA